

## Onde a auga se une a outras augas

Raymond Carver

Trad. E. E. Río

Adoro os regueiros e a música que fan.  
E as correntes, entre devesas e claros, antes  
de escolleren devir regueiros.  
Adóroos sobre todo  
polo seu sixilo. E case esquezo  
das fontes!  
Hai algo máis fermoso ca un manancial?  
Pero as grandes correntes moito me prestan tamén.  
E os lugares nos que as correntes flúen aos ríos.  
As bocas abertas dos ríos cando se xuntan co mar.  
Os lugares nos que a auga se une a outras augas. Eses lugares  
consérvanse na miña mente como sagrados!  
Pero esas desembocaduras!  
Ámoas como outros aman os cabalos  
ou as mulleres atractivas. Algo me ten  
esa auga veloz e fría.  
Só con mirala aceléraseme o pulso  
estreméceseme a pel. Sería quen de me sentar  
durante horas ollando estes ríos.  
Ningún é igual a outro.  
Teño 45 anos.  
Alguén me crería se dixese  
que tiven 35 unha vez?  
O meu corazón baleiro e seco aos 35!  
Houberon pasar outros cinco  
antes de que volvесе fluír de novo.  
Vou botar aquí esta tarde o tempo que me pete  
antes de deixar o meu posto ás beiras do río.  
Moito me prestan, ríos adorables.  
Adóroos cara atrás, cara a súa fonte.  
Adoro todo canto me desborda.